

Deixame! EN PAZ !

UN CONTO SOBRE O ACOSO



Carmen Gil
Gabriel de la Riva



Save the Children

Edita:
Save the Children

www.savethechildren.es

Diseño e edición:
Lúdica, Marketing y Comunicación

Traducción:
LEMA Traductores

Depósito legal: M-5883-2017

Deixame! EN PAZ !

UN CONTO SOBRE O ACOSO

de Carmen Gil

con ilustracións de
Gabriel de la Riva



Save the Children



LIMIAR

A escola debería de ser un espazo de paz, un refuxio no que os cativos e cativas se sentisen protexidos, relaxados e seguros. Porén, non é sempre así. Decote convértese nun lugar onde certos alumnos son agredidos verbal e fisicamente polos seus compañeiros de forma reiterada. Mocas, empurróns, marxinación, desprezo, illamento, difamacións... O acoso aféctalle ao 4 % do alumnado. Evitalo está nas nosas mans. O instrumento máis efectivo para conseguilo é a educación en valores. Se fomentamos a empatía, se animamos aos nosos alumnos a que se poñan no lugar dos outros, se lles axudamos a que se gusten e acepten como son, se lles ensinamos a respectar aos demais e a manter unha comunicación asertiva, se lles transmitimos que poden confiar en nós... será máis doado rematar con este calvario. E é xusto a iso ao que quere contribuír *Déixame en paz!* Escrito e ilustrado co corazón, apenas quere poñer un graniño de area na loita contra o acoso escolar.

Deixame! EN PAZ !

UN CONTO SOBRE O ACOSO

A pantasma Polillo sempre fóra hipercontento á escola. Fascináballe escoitar as historias de medo que contaba a mestra, xogar a ver quen ouveaba máis tempo sen respirar e beber durante o recreo o batido de néboa do pantano que lle preparaba papá pantasma. As mañás, cando ía ao colexio cantaba:



*Son a pantasma Polillo.
Un bulebulé matutino,
con choiva, raios e tronos
ouveo, endexamais desentoo.*

*Gorentoso sufflé de bruma,
aliñado con suspiros e espuma,
crema de pesadelos,
os misterios con cachelos...*





Baixo carballo centenario quedaba co seu amigo, o bruxo Bernardo, quen ensaiaba un dos seus feitizos:

*Que dúas sombras do camiño,
alén das vistas do noso Miño,
se convertan en marciáns
con tres ollos e seis mans.*

Tamén coa vampiresa
Marcela, que sempre
voaba cabeza abaixo. E
sabía unhas adiviñanzas
divertidísimas:




*Con ela a bruxa barre
e voa ata o aquelarre.
Lévaa do sur até o norte,
é o seu medio de transporte!*

Mais dun tempo agora, a Polillo doíalle o seu fantasmal bandullo cada vez que pensaba no colexio. Xa non gozaba cos contos de medo da mestra, ouveaba moi baixiño e até o batido de néboa do pantano tamén se lle torgaba.



Había unhas semanas que chegara á aula do lado un alumno novo chamado Germán. Era un dragón verde limón, máis alto có tobogán do parque, botaba lume pola boca e ruxía sen parar. Ah! E non deixaba de xiringar a Polillo. Ríase del á entrada do cole:



*Unha pantasma pantasmona
que non asusta nin a unha mona.
Non consegue, o coitadiño,
espantar nin un mosquito.*

Volvía a xiringalo no recreo:



*Treme a pantasma galiña
máis ca un flan de xelatina.
Cando me ve diante,
corre que corre o diantre.*


E esperábao á saída para rir á súa custa:



*Esa pantasma coitada
é tan feble coma amedrentada.
É unha pantasma desleixada,
boba e insípida empanada!*



Polillo pasábao tan mal que se puña de cor violeta, sentía que lle faltaba o ar e tremíalle ata a saba. Iso pasou un día. E outro E outro máis. Até que...
- Que foi, Polillo? Véxote moi triste.



Quen llo preguntaba era Casilda, a súa mestra de Feitizos e Conxuros. Casilda era unha meiga de verde guedella, morcego no ombreiro e unha voz suave que parecía que acariciaba no canto de falar. Polillo, entre saloucos fantasmais, díxolle que se sentía pequeniño coma un rato. Non, coma un escaravello. Non, coma unha pulga.





-Bon, un rato pode espantar un elefante -
díxolle Casilda-. O escaravello peloteiro empurra unha
bóla que pesa duascenas veces máis ca el. E a
pulga é a mellor saltadora do reino animal.
-Pero é que... - entre saloucos, Polillo contoulle
á súa mestra o que acontecía. E só por
contarllo, xa se sentía un chisco mellor.



En canto deixou á pantasma, Casilda foi
consultar o seu *Manual de Bruxería*. E cando
pasou ó lado de Germán, sacou da bolsa a súa
variña e pronunciou unhas palabras máxicas:



*Se ris do de diante,
heite ensinar o que é irritante,
has ver o que é ser el a ratos
e poraste nos seus zapatos.*

Ao día seguinte, á entrada do cole, Germán burlouse de Polillo, coma todas as mañás:



*Unha pantasma pantasmona
que non asusta nin a unha mona.
Non consegue, o coitadiño,
espantar nin a un mosquito.*



Pero no canto de rir a gargalladas, tinxíuse de cor violeta, sentiu que lle faltaba o ar e tremeulle ata o rabo. O mesmo aconteceu cando quixo meterse coa pantasma no recreo. E á saída do cole. Tan mal o pasou que se lle quitaron as ganas de xiringalo máis. Nin a ningún!



Pola súa banda, Polillo aprendeu unha canción que lle ensinou a bruxa Casilda. E desde aquel día cantábaa todas as mañás, cos seus amigos o bruxo e a vampiresa, camiño ó cole.



*Agora quérome moito.
Se te ris, non te escoito.
Se burlas, vou facer
coma quen oe chover.*

*Se non me deixas en paz,
teño o remedio eficaz
para tanta broma pesada:
cantar e non escoitar nada!*

E din que na festa de primavera, a vampiresa bailou cabeza abaixo e propuxo adiviñanzas coma esta:

*Leva un vestido de venda,
pirámide por vivenda,
e, á hora da sesta,
nun sarcófago senta.*



O bruxo Bernardo ensaiou o seu mellor feitizo:



Polillo gañou o concurso de ouveos. E o dragón preparou pizzas para todos co fogo do seu nariz.



NON QUEREMOS SER OBSERVADORES PASIVOS!!



«G. de la Riva 2017



Save the Children